
★ BOUCATISE ★

V FESTIVAL BOCATA GOURMET A CORUÑA

BASES

POSTO VENDA

BOUCATISE 2019



Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña 2019

O Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio) convoca a participación de establecementos de restauración no “Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña”, que se celebrará os días **30 de novembro e 1 de decembro** no **Mercado de San Agustín**, de **12 a 17 h.**, de acordo coas seguintes:

PARTICIPANTES

Poderán participar aqueles establecementos de hostalería, principalmente da cidade de A Coruña, legalmente establecidos, e que **pola súa traxectoria profesional e proposta gourmet encaixen na temática do Festival**, previa inscrición no prazo e forma establecidos nestas Bases (*).

Paralelamente o Consorcio resérvase o dereito de reservar polo menos dous postos para cidades convidadas.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Todos os establecementos solicitantes deberán participar baixo o modelo de punto de venda de Bocado/s Gourmet.
- Todos os Bocadillos Gourmet deberán ser **elaborados principalmente con produtos galegos** e garantir un nivel axeitado de calidade.
- Cada establecemento poderá participar con **1 ou 2 propostas de Bocado Gourmet**, non aceptándose a venda de ningunha outra proposta gastronómica. Deberá manter a/s mesma/s proposta/s os 2 días de Festival.
- Cada proposta de Bocado Gourmet debe incluír na súa elaboración polo menos un produto comprado na Praza de San Agustín. **Este requisito é imprescindible para a valoración e admisión das propostas por parte da Organización.**
- Os establecementos deberán presentar propostas de Bocadillos Gourmet **creadas especificamente para o Festival**, non aceptándose propostas xa existentes nas súas cartas/menús. Tampouco se permitirá repetir propostas de edicións anteriores.
- Deberá existir **variedade nas propostas** de Bocatas Gourmet: carne (diferentes tipos), peixe, vexetal,... así como propostas para persoas celíacas. Neste sentido, **os establecementos que participen con 2 propostas deberán ser diferenciadas.**
- A Organización resérvase o dereito de non aceptar aquelas propostas que considere que non se axustan ás condicións descritas, que non respondan o concepto de Bocado como “elaboración gastronómica que se presenta e consome entre pan e pan” ou que presente un tamaño e/ou gramaxe inadecuado.
- **Non se aceptarán cambios nas propostas** de Bocadillos Gourmet presentados polos establecementos nas súas solicitudes de participación.

- Cada espazo destinado a punto de venda poderá estar ocupado unicamente por 1 establecemento.
- Os establecementos participantes comprométese a **satisfacer toda a demanda existente, dispoñendo de un mínimo de 250 Bocadillos Gourmet por punto de venda e día** durante o horario establecido polo Festival, así como garantir a seguridade alimentaria de todos os produtos e o mellor servizo ao cliente.
- **Non se permitirá a venda de ningún tipo de bebidas** nos postos de venda. O Festival contará con este servizo independentemente.
- Os establecementos participantes comprométese á **presencia dos seus chefs principais durante un mínimo de 2 horas diarias** durante o horario do Festival.
- Será obrigatorio contar con **autorización sanitaria**, así como co permiso correspondente para a manipulación de alimentos.
- Os establecementos participantes estarán obrigados a dar un **informe final do número de Bocadillos Gourmet vendidos** e colaborar coa enquisa de valoración do Festival.

Todos os establecementos solicitantes deberán presentar en tempo e forma a solicitude de participación. Os postos asignaranse tendo en conta a orde de solicitude e oferta proposta, quedando exclusivamente baixo o criterio da Organización a súa asignación, unha vez validado o cumprimento dos requisitos esixidos.

(*) Quedan excluídos da participación neste Festival as franquicias e compañías de comida rápida do sector de bocadillería. comida rápida del sector de bocadillería.

PRAZOS E SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- O prazo de solicitude de participación rematará o **31 de outubro de 2019**.
- A inscrición realizarase mediante a cumplimentación do formulario de inscrición adxunto. A súa entrega deberase efectuar enviando o formulario de inscrición a **boucatise@gmail.com**
- A inscrición será gratuíta. A Organización resérvase un total 25 gratuidades, por valor da proposta gastronómica de maior importe, por establecemento participante para os dous días de celebración do Festival.
- A presentación da devandita solicitude non implica a aceptación de participación. Todas as solicitudes serán valoradas pola Organización, asignando os puntos de venda segundo os seguintes criterios:
 - o Orde de recepción das solicitudes.
 - o Propostas que mellor se adapten aos estándares de calidade e á filosofía do Festival.
- Se por circunstancias especiais ou de forza maior aprazárase ou se suspendese a celebración do Festival ou se reducisen ou ampliásen as datas do mesmo, o establecemento comprométese a non exercer recurso

algún contra a entidade organizadora, nin esixir compensación algunha polos danos ou perxuizos.

A solicitude de participación deberá conter:

- Os datos do establecemento participante.
- Proposta de Bocadillo/s Gourmet: nome, ingredientes e fotografía/s (a modo de valoración de proposta), e detalle de alérxenos.
- Necesidades técnicas para a preparación das propostas gastronómicas.
- Persoal – persoas destinadas á atención do posto (mínimo 3 persoas)
- Prezo/s de venda ao público.
- Proposta de decoración para o seu espazo de venda.
- Rexistro sanitario.
- Licenza de apertura.

- A solicitude de participación deberá de estar debidamente cumprimentada, pola contra non será aceptada

Co fin de buscar variedade na oferta gastronómica (diferentes tipos de carne, peixe, vexetal, opcións celíacas,...) o Consorcio resérvase o dereito de rexeitar ou solicitar novas propostas aos establecementos inscritos. Neste sentido, terase en conta a orde de inscrición.

PUNTOS DE VENDA E INSTALACIÓNS

Establécese ata un máximo de 14 puntos de venda de Bocadillos Gourmet no Festival.

O Consorcio resérvase o dereito de destinar 2 deles a acoller a establecementos de cidades invitadas se así o considerase oportuno.

Características dos puntos de venda e medios facilitados pola organización:

- Espazo de venda
 - Espazo de traballo
 - Espazo de colocación de produto
 - Opción a vitro e microondas previa solicitude.
 - Rotulación
 - Iluminación
 - Acceso a zona de fregadero
 - Toma eléctrica
 - Almacén
- Non se admitirá maquinaria de hostalería que xere exceso de fumes (tales como grellas, etc).
 - Non se admitirá a instalación o día do evento de maquinaria de hostalería que non fose aprobada previamente pola Organización.
 - Os establecementos participantes serán responsables das necesidades materiais e de produto para a preparación e venda da súa oferta gastronómica, así como do persoal de atención ao público.

NORMAS DE VENDA, HIXIENE E CONSUMO

- A decisión sobre a localización de cada punto de venda na parte superior ou inferior do mercado corresponderá de maneira exclusiva á Organización.
- Queda expresamente prohibida a permuta, cesión ou subarriendo a terceiros dos espazos asignados.

1. Todos os puntos de venda deberán ofrecer como **mínimo 1 proposta** de Bocadillo Gourmet.
2. Cada un dos Bocadillos Gourmet ofrecidos á venda deben de quedar **expostos á vista do público** durante o horario completo do Festival.
3. O prezo dos Bocadillos Gourmet deberá estar comprendido entre os **3€ e os 5€, IVE incluído**. Os establecementos deberán ter visible a lista de prezos.
4. Os establecementos que participen **con 2 propostas de Bocadillos Gourmet, deberán aplicar distintos prezos** a cada unha delas (excepto no caso da posible participación de establecementos con Estrela Michelin) e terán que ser propostas claramente diferenciadas.
5. A vaixela a utilizar facilitada por cada un dos establecementos será de **material desbotable e de un só uso** (compostable, elaboradas con cartón, madeira, fibra de cana, follas de palma, féculas de millo, etc.).
6. Todos os puntos de venda deberán estar **atendidos por un mínimo de 3 persoas durante todo o horario do Festival**.
7. Os establecementos deberán dispoñer de follas de reclamación para os usuarios.
8. Permancerán expostas as seguintes lendas:
 - “O establecemento dispón de follas de reclamación a disposición do usuario”.
 - Información dos alérxenos que conteñan as súas propostas gastronómicas.
9. Os establecementos serán responsables e beneficiarios da súa propia recadación, dispoñendo de cambio en todo momento e facilitando os tickets de venda correspondentes aos clientes.
10. Queda expresamente prohibido o uso de gas e a venda de calquera outro produto que non estea autorizado pola organización ou directamente relacionado co Festival.
11. Deberase ter especial atención ás normas hixiénico-sanitarias establecidas pola lei en restauración colectiva
12. Os alimentos non poderán estar en contacto directo co chan.

13. Non se poderá instalar equipo de son algún nos postos.
14. Independentemente do servizo de limpeza disposto pola Organización, cada participante deberá manter limpo o seu posto e o entorno do mesmo durante a celebración do Festival.
15. Ó remate do Festival o establecemento participante deberá deixar o posto nas mesmas condicións nas que se lle entregou.

DECORACIÓN

O mobiliario e medios materiais facilitados aos establecementos por parte da Organización será uniforme e acorde coa estética do Festival, cuxa filosofía estará baseada no estilo “cool” e “gourmet street food”.

Independentemente, cada establecemento será **responsable da súa decoración individual**, que deberá consistir, por exemplo, en dotar a parte frontal do seu espazo de venda con mesas de apoio e cadeiras respetando o espazo de tránsito do público.

Toda decoración deberá seguir a filosofía do Festival, non aceptándose vinilados nos cristais do Mercado. Dita decoración deberá ser aprobada pola Organización.

Será imprescindible para a participación a explicación en detalle ou bosquejo xunto coa ficha de inscrición nas datas establecidas na convocatoria.

Queda terminantemente prohibida a exhibición de publicidade de marcas comerciais sen autorización expresa da Organización.

NORMAS LABORAIS

Todos os traballadores que presten servizos nos puntos de venda deberán estar dados de alta na Seguridade Social e ter formalizado o correspondente contrato laboral.

Así mesmo deberá cumprirse a normativa de prevención de riscos laborais.

MONTAXE E DESMONTE

Os participantes deberán respectar e suxeitarse aos horarios de montaxe e desmote indicados pola Organización:

Montaxe: A montaxe da infraestrutura do posto achegado por cada establecemento (maquinaria hostalería, mobiliario e decoración) realizarase o venres 29 de novembro entre as 16:00 e as 20:00 horas. O sábado 30 de novembro poderase acceder aos postos a partir das 09:00 horas. Ás 12:00 horas todos os postos deben estar en perfecto funcionamento.

Desmote: o desmote e recollida de material realizarase o domingo 1 de decembro ao finalizar o evento, de 17:00 a 21:00 horas.

SEGURIDADE

Cada establecemento será responsable dos seus enseres. A Organización non se responsabiliza de roubos, pérdas ou danos durante a celebración do Festival, dende a montaxe ata o desmonte. A vixilancia nocturna queda garantida polo peche do Mercado á hora pactada, debendo cada establecemento cubrir o seu posto cunha tea ou similar durante as horas de peche e fóra do horario do Festival e/ou trasladando ao almacén designado pola organización aquilo que considere oportuno.

COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN

Os establecementos participantes comprométese a dar a maior difusión ao evento nas súas redes sociais, así como de expoñer no seu establecemento o material promocional que a organización lles facilite sobre o evento: carteis e trípticos, etc.

Os establecementos que incumpran algunha destas Bases non serán admitidos en posibles próximas edicións do Festival nin poderán participar en accións similares no futuro salvo decisión contraria do Consorcio.

A participación neste Festival, implica a aceptación das presentes Bases.

A Coruña, 14 de outubro de 2019

En virtude do disposto na normativa de protección de datos, e en especial no Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD), informámoslle que ud. proporciónenos para a participación nesta promoción, serán tratados baixo a responsabilidade do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con domicilio na C/Sol s/n 15003 da Coruña, coa finalidade de Xestionar os eventos e promocións organizados polo Consorcio, estando lexitimada para o devandito tratamento polo consentimento outorgado ao aceptar as bases da presente promoción.

Os seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo a posible publicación nos medios de comunicación, redes sociais ou na páxina web. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un prazo de prescrición das responsabilidades derivadas do tratamento.

Mediante a aceptación das bases e o enchemento do formulario de participación, vostede consente expresamente o citado tratamento para os efectos de cumprir coa descrita finalidade do mesmo e terá o dereito para retirar devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con referéncia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do seu DNI. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña 2019

DATOS DO ESTABLECEMENTO

NOME DO ESTABLECEMENTO

DIRECCIÓN DO ESTABLECEMENTO

PERSOA DE CONTACTO

CIF-NIF

(Nome e Apelidos)

TELÉFONO DE CONTACTO

E-MAIL

PÁXINA WEB

FACEBOOK/TWITTER/INSTAGRAM

DATOS DO/S BOCADILLO/S GOURMET

BOCADILLO GOURMET 1

NOME

PRODUTO MERCADO SAN AGUSTIN

INGREDIENTES

DOCE

APTO PARA VEGETARIANOS

SALGADO

APTO PARA CELÍACOS

PRESENTACIÓN do BOCADILLO: (tipo de desechable/recipiente a utilizar, tamaño, ...)

PREZO

ALÉRXENOS



BOCADILLO GOURMET 2

NOME

PRODUTO MERCADO SAN AGUSTIN

INGREDIENTES

DOCE

APTO PARA VEGETARIANOS

SALGADO

APTO PARA CELÍACOS

PRESENTACIÓN do BOCADILLO: (tipo de desechable/recipiente a utilizar, tamaño, ...)

PREZO

ALÉRXENOS



FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Boucatise, V Festival Bocata Gourmet A Coruña 2019

PERSOAL

Numero de persoas destinadas á atención ao público (MÍNIMO 3)

MEDIOS TÉCNICOS

A Organización só facilitará vitrocerámica e/ou microondas baixo petición.

No caso de utilizar outra maquinaria de hostalería facilitada polo establecemento, deberase indicar no cadro adxunto (máxima potencia autorizada por posto: 6.000 W, non se admiten conexións trifásicas). A Organización resérvase o dereito de confirmar a dispoñibilidade da potencia solicitada.

MEDIOS TÉCNICOS	POTENCIA
Vitrocerámica	2.000 w
Microondas	1.100 w

TOTAL

DECORACIÓN

Proposta de decoración para o seu espazo de venda:

SOLICITO

Participar no V FESTIVAL BOCADILLO GOURMET A Coruña 2019 e DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- Cumpro con todos os requisitos técnicos e administrativos esixibles establecidos na normativa vixente para executar os servizos indicados nas presentes bases.
- Que a empresa non ten débedas pendentes coa Seguridade Social nin coa Axencia Tributaria.
- Que se dispón de toda a documentación que así o acredita, sendo esta proporcionada á Organización cando así o requira.
- Que son certos e comprobables os datos que consigna na presente solicitude.
- Que, en caso de ser seleccionado, asumo o contido nas bases, cumprindo o alí establecido, así como as instrucións que a Organización establece durante o desenvolvemento do Festival.

Coa firma da presente solicitude confirmo que lin, comprendido e aceptado as bases reguladoras para a participación do "Boucatise, V Festival Bocadillo Gourmet A Coruña".

Data: / /2019

Fdo:
(Selo e sinatura)

Enviar cumplimentado por correo electrónico xunto coa/s:

- imaxe/s do/s Bocadillo/s Gourmet (formato jpg)
- copia do/s rexistro/s sanitario/s e da licenza de apertura a boucatise@gmail.com

Antes do 31 de outubro de 2019.

Oficina técnica SINGULAE · Teléfono 610 189 724 · Mail boucatise@gmail.com

En virtude do disposto na normativa de protección de datos, e en especial no Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD, informámoslle que ud. proporciónenos para a participación nesta promoción, serán tratados baixo a responsabilidade do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con domicilio na C/Sol s/n 15003 da Coruña, coa finalidade de Xestionar os eventos e promocións organizados polo Consorcio, estando lexitimada para o devandito tratamento polo consentimento outorgado ao aceptar as bases da presente promoción.

Os seus datos non serán cedidos a terceiros, salvo a posible publicación nos medios de comunicación, redes sociais ou na páxina web. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un prazo de prescrición das responsabilidades derivadas do tratamento.

Mediante a aceptación das bases e o enchemento do formulario de participación, vostede consente expresamente o citado tratamento para os efectos de cumprir coa descrita finalidade do mesmo e terá o dereito para retirar devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, con referéncia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do seu DNI. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).